

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA E FAI PÚBLICO A VALORACIÓN  
DEFINITIVA DE MÉRITOS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E  
CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE  
PERSOAL TÉCNICO ADMINISTRATIVO DENTRO DO PLAN DE  
SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO (PSTD) CONDADO  
PARADANTA DESTINO ENOGASTRONÓMICO NO MARCO DO PLAN DE  
RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA  
UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU**

A Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta - Terra e Auga convoca un proceso de selección para a constitución dunha bolsa de emprego destinada á contratación de persoal técnico-administrativo, no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) Condado Paradanta, Destino Enogastronómico, integrado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next Generation EU.

O procedemento de selección desenvólvese en dúas fases:

- Valoración de méritos. Puntuación do 60 % do proceso de selectivo: 60 puntos
- Entrevista persoal. Puntuación do 40 % do proceso selectivo: 40 puntos.

Reunido o tribunal cualificador do proceso selectivo, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria, e unha vez examinada a documentación achegada polas persoas aspirantes, procediuse á aprobación e publicación da valoración provisional dos méritos, concedéndose un prazo de tres días para a presentación de alegacións, tras a súa notificación e a publicación do correspondente listado.

Transcorrido dito prazo, procédese á aprobación e publicación da valoración definitiva dos méritos, correspondente á primeira fase do proceso selectivo.

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, a segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal, cunha puntuación máxima de 40 puntos, á que accederán unicamente as persoas aspirantes que acadasen máis de 35 puntos na primeira fase, de acordo coa cláusula décima das devanditas bases.

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar a valoración definitiva dos méritos do proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal técnico-administrativo, segundo a seguinte relación de persoas admitidas e puntuación acadada:

| <b>NOME E APELIDOS</b>        | <b>NIF/NIE</b> | <b>PUNTUACIÓN ACADADA</b> |
|-------------------------------|----------------|---------------------------|
| MARIA TERESA PEREZ<br>VAZQUEZ | ***6002**      | 4 PUNTOS                  |
| PAULA ASLA TESTAS             | ***6320**      | 25,5 PUNTOS               |



|                                     |           |             |
|-------------------------------------|-----------|-------------|
| CINTIA BACELAR OTERO                | ***1340** | 26,5 PUNTOS |
| VALENTINA GÓMEZ BERNAL              | ***1287** | 50,5 PUNTOS |
| MARTIN GONZALEZ SUAREZ              | ***7619** | 9,5 PUNTOS  |
| SANDRA MARIA FERNANDEZ<br>CABALEIRO | ***9986** | 22 PUNTOS   |
| MARIA GUADALUPE MARINO<br>VAZ       | ***9474** | 24 PUNTOS   |
| ANTIA RODRIGUEZ<br>MARTINEZ         | ***7923** | 0 PUNTOS    |

**Segundo.-** Publicar a presente Resolución na Sede Electrónica do GDR Terra e Auga, para o seu coñecemento xeral e os efectos oportunos.

**Terceiro.-** Convocar o tribunal cualificador o día 30/12/2025, así como ás persoas aspirantes que superaron a primeira fase do proceso selectivo, ás 12:00 horas, nas oficinas do GDR Terra e Auga, co obxecto de realizar a segunda fase do proceso selectivo: entrevista persoal.

- De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, a segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal, cunha puntuación máxima de 40 puntos, á que accederán unicamente as persoas aspirantes que acadasen máis de 35 puntos na primeira fase, de acordo coa cláusula décima das devanditas bases.

|                        |           |             |
|------------------------|-----------|-------------|
| VALENTINA GÓMEZ BERNAL | ***1287** | 50,5 PUNTOS |
|------------------------|-----------|-------------|

En Cañiza, a data da sinatura na marxe.

O Presidente do GDR Terra e Auga,  
Juan Pablo Castillo Amigo

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

